



RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DE AGADER

O director xeral de Agader, mediante Resolución do 18 de decembro de 2017, acordou que a Secretaría Xeral de Agader realizase as actuacións legais e regulamentarias necesarias para tramitar a contratación do servizo de limpeza das instalacións de Agader.

Segundo consta no expediente de contratación, Agader envioulle ás seguintes empresas unha invitación para que presentasen unha oferta para prestar o servizo de limpeza das súas instalacións:

- Instituto Minusválido Astur SAL
- Integra Mantenimiento e Xestión de Servizos Integrados
- Claro Sol Integral Galicia SL
- Limpiadores Especialistas Integrados de Servizos SL
- Compostela Inserta E.I.L SL

A empresa Limpiadores Especialistas Integrados de Servizos SL foi a única que presentou unha oferta para participar nesta licitación. Dado que esta empresa reunía todos os requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares así como as condicións establecidas no prego de prescricións técnicas, o 12 de febreiro de 2018 o secretario xeral propuxo que se lle adxudicase o contrato de servizos para a limpeza das instalacións de Agader.

O 9 de marzo de 2018 a empresa proposta como adxudicataria presentou a documentación que acredita que ten constituída unha garantía definitiva do 5% do importe da adxudicación, IVE excluído (1.269,20 €).

Tendo en conta todo o anterior

RESOLVO:

Que se lle adxudique á empresa Limpiadores Especialistas Integrados de Servizos SL, con CIF B36835759, o contrato de servizo de limpeza das instalacións de Agader por un importe de 30.714,64 €, IVE incluído (25.384 € máis 5.330,64 € de IVE).

Santiago de Compostela
O director xeral da Agader

(asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

